



DATOS IDENTIFICATIVOS

Literatura española dos séculos XVIII-XIX

Materia	Literatura española dos séculos XVIII-XIX			
Código	V01G400V01934			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Literatura española e teoría da literatura			
Coordinador/a	Ribao Pereira, Montserrat			
Profesorado	Ribao Pereira, Montserrat			
Correo-e	ribao@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Estudo das principais estéticas, autores e obras da literatura española dos séculos XVIII e XIX, con especial atención á análise dos textos.			

Competencias

Código	
CB1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
CG2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
CG5	Capacidade do estudantado para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o título.
CG7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarios.
CE3	Coñecemento da literatura galega, española e portuguesa.
CE6	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria.
CE9	Coñecemento de retórica e estilística.
CT2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
CT5	Capacidade de xerar novas ideas.
CT8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
CT10	Capacidade de análise e síntese.
CT11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
CT12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias			
Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español formulando hipótese cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos	CB1	CG1	CE3	CT2
	CB2	CG2	CE6	CT5
	CB5	CG5	CE9	CT8
		CG7		CT10
				CT11
			CT12	

Formular razoamentos críticos no ámbito do estudo literario co fin de adquirir métodos sólidos de análises, que transcendan a simple aproximación intuitiva aos textos obxecto de estudo.	CB1 CB2 CB5	CG1 CG2 CG5 CG7	CE3 CE6 CE9	CT2 CT5 CT8 CT10 CT11 CT12
Mostrar sensibilidade cara ás achegas feitas polas mulleres á literatura e á cultura española, nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. Entender as funcións do canon, a súa formación e os seus axentes, e valorar as exclusións que xera.	CB1 CB2 CB5	CG1 CG2 CG5 CG7	CE3 CE6 CE9	CT2 CT5 CT8 CT10 CT11 CT12
Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes dos estudos literarios para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética.	CB1 CB2 CB5	CG1 CG2 CG5 CG7	CE3 CE6 CE9	CT2 CT5 CT8 CT10 CT11 CT12
Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado	CB1 CB2 CB5	CG1 CG2 CG5 CG7	CE3 CE6 CE9	CT2 CT5 CT8 CT10 CT11 CT12
Que o alumnado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	CB1 CB2 CB5	CG1 CG2 CG5 CG7	CE3 CE6 CE9	CT2 CT5 CT8 CT10 CT11 CT12
Identificar, comprender e apreciar as principais contribucións da literatura española dos séculos XVIII e XIX, así como os parámetros estéticos vixentes en ambos os séculos e os posicionamentos teóricos e prácticos correspondentes.			CE3 CE6 CE9	CT2 CT5 CT8 CT10 CT11 CT12

Contidos

Tema	
1.Século XVIII	1.1.Barroquismo. Ilustración. Neoclasicismo. Rococó. Prerromanticismo. 1.2.Poesía. 1.3.Prosa. Feijoo. Jovellanos. Cadalso. 1.4.Teatro. Moratín. García de la Huerta. Ramón de la Cruz.
2.Século XIX	2.1.Romanticismo. Realismo. Naturalismo 2.2.Teatro romántico. Duque de Rivas. Zorrilla. Alta comedia. Teatro realista. 2.3.Poesía. Rivas. Espronceda. Bécquer. Rosalía. 2.4.Prosa costumbrista. Periodismo. 2.5.Novela histórica romántica. Novela realista. O conto. Pardo Bazán. Clarín. Galdós.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	7	0	7
Resolución de problemas	4	46	50
Lección maxistral	30	30	60
Seminario	4	0	4
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	26	29

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	O alumnado desenvolve exercicios na aula baixo as directrices e supervisión do docente. O seu desenvolvemento pode estar vinculado con actividades autónomas do alumnado, como os controis de lectura

Resolución de problemas	Actividade na que se formulan exercicios relacionados co comentario de textos e análises das obras de lectura obrigatoria. O alumnado debe desenvolver a reflexión literaria de forma autónoma.
Lección maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo alumnado.
Seminario	Entrevista que o alumnado mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvo de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe. De asistencia obrigada para o alumnado semipresencial.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Nas horas de titoría alumnas e alumnos poderán consultar, de maneira personalizada, calquera dúbida que teñan, tanto sobre os contidos da materia como sobre as diferentes cuestións relativas ao desenvolvemento dos traballos. Os traballos realizados na aula e os exercicios resoltos na mesma contarán tamén, en todo momento, con esta atención personalizada. A atención por correo electrónico levará a cabo NAS MESMAS HORAS das titorías presenciais.
Resolución de problemas	Nas horas de titoría alumnas e alumnos poderán consultar, de maneira personalizada, calquera dúbida que teñan, tanto sobre os contidos da materia como sobre as diferentes cuestións relativas ao desenvolvemento dos traballos. Os traballos realizados na aula e os exercicios resoltos na mesma contarán tamén, en todo momento, con esta atención personalizada. A atención por correo electrónico levará a cabo NAS MESMAS HORAS das titorías presenciais.
Lección maxistral	Nas sesións presenciais alumnas e alumnos poderán consultar, de maneira personalizada, calquera dúbida que teñan, tanto sobre os contidos da materia como sobre as diferentes cuestións relativas ao desenvolvemento dos traballos. A atención por correo electrónico levará a cabo NAS MESMAS HORAS das titorías presenciais.
Seminario	Nas horas de titoría en grupo alumnas e alumnos poderán consultar, de maneira personalizada, calquera dúbida que teñan, tanto sobre os contidos da materia como sobre as diferentes cuestións relativas ao desenvolvemento dos traballos. A atención por correo electrónico levará a cabo NAS MESMAS HORAS das titorías presenciais.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballo tutelado	Comentarios de texto.	20	CB1 CB2 CB5 CG1 CG2 CG5 CG7 CE3 CE6 CE9 CT2 CT5 CT8 CT10 CT11 CT12
Exame de preguntas de desenvolvemento	Preguntas teóricas ou a partir de textos que demostren a asimilación específica de contidos, a capacidade de síntese e a comprensión global dos movementos estéticos que se abordan na materia.	80	CB1 CB2 CB5 CG1 CG2 CG5 CG7 CE3 CE6 CE9 CT2 CT5 CT8 CT10 CT11 CT12

Outros comentarios sobre a Avaliación

Alumnado presencial:

- Para optar á avaliación continuada será necesario asistir regularmente a clase. Quen falte catro ou máis días ás sesións presenciais deberá optar obrigatoriamente polo modo de avaliación única.
- Para ter dereito á avaliación continuada o alumnado debe realizar, obrigatoriamente, as actividades sobre cada tema que se proporcionarán en MOOVI e entregalas no prazo acordado, tamén a través da plataforma correspondente. Quere isto dicir que o alumnado que non entregue as actividades nas datas marcadas deberá presentarse, obrigatoriamente, á avaliación única.
- A nota resultante da avaliación continuada será a suma de ata un 80% do total polas actividades entregadas e ata un 20% do total pola proba de comentarios de texto.
- A avaliación única consiste nunha proba global sobre a totalidade da materia do programa, nas datas fixadas pola Facultade.
- As datas para a realización das actividades e dos comentarios de texto da avaliación continuada facilitaranse ao alumnado ao comenzo das clases.
- Quen non supere a materia na primeira oportunidade (avaliación continuada e única) deberá realizar unha proba global na que será avaliado da totalidade da materia

- A data do exame para a avaliación única de maio e de xuño será a que fixe a Facultade.
- A data do exame da convocatoria de xuño/xullo (100% da cualificación en tódolos casos) será a que fixe a Facultade.
- En calquera caso, para superar a materia é imprescindible demostrar corrección lingüística e ortográfica. Non aprobará quen escriba con faltas de ortografía e/ou acentuación. Tampouco aprobará quen incorra en plaxio.

Alumnado semipresencial:

- Para optar á avaliación continuada é obrigatorio asistir á presentación da materia, o primeiro día de clase, e ás dúas sesións de titoría, cuxa data se comunicará a través de MOOVI ao comezo do curso. Quere isto dicir que quen non asista á sesión de presentación e ás titorías deberá optar pola avaliación única.
- Para ter dereito á avaliación continuada o alumnado debe realizar, obrigatoriamente, as actividades sobre cada tema que se proporcionarán en MOOVI ou a través doutras plataformas e entregalas no prazo acordado, tamén a través da plataforma correspondente. Quere isto dicir que o alumnado que non entregue as actividades nas datas marcadas deberá presentarse, obrigatoriamente, á avaliación única.
- A nota resultante da avaliación continuada será a suma de ata un 80% do total polas actividades entregadas e ata un 20% do total pola proba de comentarios de texto.
- A avaliación única consiste nunha proba global sobre a totalidade da materia do programa, nas datas fixadas pola Facultade.
- As datas para a realización das actividades e dos comentarios de texto da avaliación continuada facilitaranse ao alumnado ao comezo das clases.
- Quen non supere a materia na primeira oportunidade (avaliación continuada e única) deberá realizar unha proba global na que será avaliado da totalidade da materia
- A data do exame para a avaliación única de maio e de xuño será a que fixe a Facultade.
- A data do exame da convocatoria de xuño/xullo (100% da cualificación en tódolos casos) será a que fixe a Facultade.
- En calquera caso, para superar a materia é imprescindible demostrar corrección lingüística e ortográfica. Non aprobará quen escriba con faltas de ortografía e/ou acentuación. Tampouco aprobará quen incorra en plaxio

Para o seguimento da materia é imprescindible que o alumnado acceda a MOOVI.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

AA.VV, **Antología de poesía y prosa del siglo XVIII (se facilitará en clase o en MOODLE).**,

Fernández de Moratín, Leandro, **El sí de las niñas**, Crítica,

Cruz, Ramón de la, **Sainetes (antología que se facilitará en clase o en MOODLE)**,

García de la Huerta, Vicente, **Raquel**, Castalia,

Saavedra, Ángel de, **Don Álvaro o la fuerza del sino**, Crítica,

Zorrilla, José, **Don Juan Tenorio**, Crítica,

AA.VV, **Antología de narrativa (en prosa y verso) romántica (se facilitará en clase o en MOODLE)**,

Bécquer, Gustavo Adolfo, **Rimas**, Cátedra,

Castro, Rosalía de, **En las orillas del Sar**, Castalia,

Pardo Bazán, Emilia, **Selección de cuentos facilitada a través de MOODLE**,

Pérez Galdós, Benito, **Misericordia**, Cátedra,

Alas, Leopoldo, **La Regenta**, Castalia,

Bibliografía Complementaria

Camarero, Manuel, et al., **Antología comentada de la literatura española. Siglo XVIII. / Antología comentada de la literatura española. Siglo XIX**, Castalia,

Alonso, Cecilio, **Historia de la Literatura Española. Vol 5. Hacia una literatura nacional. 1800-1900**, Crítica, 2010

Albiac, Dolores, **Historia de la Literatura Española. Vol 4. Siglo XVIII**, Crítica, 2011

García de la Concha, Víctor, dir., **Historia de la Literatura Española. Siglo XVIII (I y II)**, coord. G. Carnero, Espasa, 1995

García de la Concha, Víctor, dir., **Siglo XIX (I)**, coord. G. Carnero, Espasa, 1997

García de la Concha, Víctor, dir., **Siglo XIX (II)**, coord. L. Romero Tobar, Espasa, 1998

Recomendacións

Outros comentarios

É imprescindible ter vontade de ler e gusto pola lectura dos clásicos dos séculos XVIII e XIX.
É fundamental ter/esforzarse en ter capacidade crítica fundamentada no estudo e no traballo cos textos.

Plan de Continxencias

Descrición

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

NA MODALIDADE MIXTA:

Na modalidade mixta, na que unha parte do alumnado permanecerá na lase, seguindo o resto do alumnado as clases dun modo preferentemente síncrono ou asíncrono dependendo da ferramenta que mellor se adapte a cada unha, as metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas que as da modalidade presencial, adaptando os grupos e quendas para cumprir coa normativa sanitaria

NA MODALIDADE NON PRESENCIAL:

Metodoloxías docentes que se manteñen: todas, pero implementadas de modo telemático.

Metodoloxías docentes que se modifican: ningunha

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado. a través do campus remoto (titorías)

Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir: non

Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe: ningunha específica

Outras modificacións: ningunha

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

As probas de avaliación e o seu peso serán os mesmos, unicamente cambiará o modo de realizar as probas, que non será presencial senon a través de medios telemáticos.
